ANPA Lavandeira
www.anpalavandeira.es
e-mail: extraescolaresanpalavandeira@gmail.com

**ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**
**CURSO 2026-2027**

# A inscrición realizarase a través do formulario dispoñible no mail xunto ao que se enviou esta circular ou na web da ANPA.

- O prazo de inscrición nas Actividades Extraescolares ofrecidas polo ANPA Lavandeira será **do 23 de xuño de 2026 ao 15 de setembro do 2026,** ambos incluídos, **aberto a todos os alumnos do centro.**
- *Poderá ser usuario das actividades extraescolares calquera alumno/a do colexio, sempre que reúna os seguintes requisitos:*
  *a) Estar matriculado no colexio.*
  *b) Completar a solicitude correspondente.*
  *c) Aboar unha preinscrición de 30 € en cada unha das actividades escollidas polo pai, nai ou titor. Esta cantidade será descontada no último trimestre de pagamento da actividade.*
  *d) Aboar a cota de alta e xestión de 50 €. Os socios da ANPA están exentos de aboar esta cota.*
  *e) Aboar o prezo establecido polo servizo."*
- Todas as actividades serán realizadas en período escolar durante os meses de outubro a xuño, ambos incluídos.
- Ningún tipo de ausencia, confinamento, etc., dará dereito á devolución de ningún importe da actividade.

## RESERVA, MATRÍCULA E FORMAS DE PAGAMENTO

- A **reserva de 30 €** en cada unha das actividades escollidas farase antes do 15 **de setembro**. Esta cantidade descontarase do importe a pagar no 3.º trimestre. ***Esta cantidade só se devolverá no caso de que non se forme o grupo da actividade escollida ou se non consegue praza no grupo elixido.***.
- Unha vez rematado o prazo de matrícula, o dia **20 de setembro**, a xunta directiva elaborará unha lista **e publicaranse as actividades que consigan reunir o número mínimo de participantes solicitado polas empresas organizadoras** (este número mínimo entenderase en cada grupo de idade). Esta lista realizarase seguindo os criterios aprobados no Regulamento de actividades extraescolares, que está dispoñible na web da ANPA (www.anpalavandeira.es).
- Os usuarios que teñan praza terán que facer un ingreso ou transferencia na conta da ANPA, seguindo as seguintes indicacións:
  - **OS SOCIOS** poderán facer o pagamento total do curso ou pagalo en trimestres. O prazo para aboar o 1.º trimestre ou o pagamento do curso será o **24 de setembro de 2026**. Para o **2.º trimestre** será o **22 de decembro de 2026**, e o **22 de marzo de 2027** para o 3.º trimestre. Neste último trimestre descontarase o importe da reserva. No caso de escoller varias actividades, o importe de 10 € correspondente ao seguro de accidentes, descontarase no 1º trimestre. Mandarase recordatorio nesas datas.
  - ***OS NON SOCIOS:*** unha **ÚNICA COTA** para pagar antes do **24 do setembro do 2026**. Este ingreso inclúe o custo da actividade máis 50 € en concepto de cota de xestión.
- ***Deste pagamento xuntarase unha copia, fotografía, etc., ao formulario de inscrición.***
- Se o **24 de setembro as 24:00** non se fixo o pagamento que corresponda ás actividades escollidas, **perderase o dereito á praza**, que se ofrecerá aos peticionarios en lista de agarda. Estes serán informados dos pasos a seguir por vía telefónica ou whatsapp. As prazas adxudicaranse por rigorosa orde de inscrición.
- **Si no se envía xustificante de pago, entenderase que non se fixo o pagamento.**
- As actividades darán comezo o **1 de outubro de 2026 e finalizarán o 15 de xuño 2027**.

## DESCONTOS

- A segunda e sucesivas actividades, do mesmo usuario, terán un desconto de 10 €, correspondente ao seguro de accidentes, no 1.º trimestre ou no total se se decide pagar integramente.
- Sobre os prezos indicados no cadro da páxina seguinte, realizaranse os seguintes descontos, **para socios da ANPA Lavandeira:**
  - 3 €/trimestre na segunda actividade e sucesivas, para o mesmo alumn@.
  - 3 €/trimestre en cada unha das actividades do segundo irmán e sucesivos.
  - 3 €/trimestre en cada actividade, no caso de familias monomarentais ou monoparentais e familias numerosas (necesario amosar o certificado correspondente no momento da matrícula).

ANPA Lavandeira
www.anpalavandeira.es
e-mail: extraescolaresanpalavandeira@gmail.com

**ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**
**CURSO 2026-2027**

| TODOLOS PAGAMENTOS REALIZARANSE MEDIANTE INGRESO OU TRANSFERENCIA NA CONTA BANCARIA DA ANPA | | | |
|---|---|---|---|
| **Titular:** | **ANPA LAVANDEIRA do CEIP VILA DE RUTIS** | | |
| **Banco:** | **OPENBANK** | **IBAN** | **ES93 0073 0100 5205 0602 1693** |
| **Concepto:** | **xxxxxxxxxxxxx- "NOME DO ALUMN@ E ACTIVIDADE"** | **IMPORTANTÍSIMO PARA RECOÑECER O PAGAMENTO** | |

**ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES – CURSO 2026/27**

| ACTIVIDADE | Días | HORARIO | COSTE SEGURO INCLUIDO | | LUGAR |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | SOCIOS | NON SOCIOS | |
| **JUDO**<br>E. Infantil<br>**JUDO CLUB CULLEREDO** | LUNS | 16:00 a 17:00 | TOTAL 127 €<br>1.º T: 49 €<br>2.º T: 39 €<br>3.º T: 39 € | 127 € + 50 €<br>177 € | Ximnasio |
| **JUDO(*)**<br>E. Primaria<br>**JUDO CLUB CULLEREDO** | LUNS<br>MÉRCORES | 17.00 a 18.00<br>16:00 a 17:00 | TOTAL 235 €<br>1.º T: 85 €<br>2.º T: 75 €<br>3.º T: 75 € | 235 € + 50 €<br>285 € | Ximnasio |
| **BAILE MODERNO**<br>E. Primaria<br>**CAROLINA PALACIOS** | LUNS | 16:00 a 17:00 | TOTAL 109 €<br>1.º T: 43 €<br>2.º T: 33 €<br>3.º T: 33 € | 109 € + 50 €<br>159 € | Aula de usos múltiples |
| **LUDOTECA**<br>E.Primaria- E.Infantil<br>**AXIÑA** | LUNS | 16.00 a 17.00 | TOTAL: 100 €<br>1ºT: 40 €<br>2ºT: 30 €<br>3ºT: 30 € | 100 € + 50 €<br>150 € | Comedor |
| **PINTURA(*****)**<br>E. Infantil<br>**GOSIA TREBACZ** | LUNS | 16.00 a 17.00 | TOTAL: 190 €<br>1º T: 70 €<br>2ºT: 60 €<br>3º T: 60 € | 190 €+50€<br>240 € | Comedor |
| **BAILE MODERNO**<br>E. Infantil<br>**CAROLINA PALACIOS** | MÉRCORES | 16:00 A 17:00 | TOTAL 109 €<br>1.º T: 43 €<br>2.º T: 33 €<br>3.º T: 33 € | 109 € + 50 €<br>159 € | Aula de usos múltiples |
| **BAILE E PANDERETA TRADICIONAL GALEGO**<br>E. Infantil e E. Primaria<br>**NATALIA MARTINEZ** | MARTES | 16:00 a 17:00 | TOTAL 172 €<br>1.º T: 64 €<br>2.º T: 54 €<br>3.º T 54 € | 172 € + 50 €<br>222 € | Aula de usos múltiples |
| **ROBOLAB(**)**<br>E. Primaria<br>**ENXEÑOLABS** | XOVES | 16:00 a 17:00 | TOTAL 325 €<br>1.º T: 115 €<br>2.º T: 105 €<br>3.º T: 105 € | 325 € + 50 €<br>375 € | Aula Polos Creativos |
| **PREDEPORTE(***)**<br>E. Infantil<br>**AXIÑA** | MARTES/<br>XOVES | 16:00 a 17.00 | TOTAL 190 €<br>1.º T: 70 €<br>2.º T: 60 €<br>3.º T: 60 € | 190 € + 50 €<br>240 € | Ximnasio |
| **BALONMAN*****<br>E.Infantil- E.Primaria<br>**CLUB BALONMAN CULLEREDO** | MARTES/<br>XOVES | 16:00 a 17:00 | TOTAL 190 €<br>1.º T: 70 €<br>2.º T: 60 €<br>3.º T 60 € | 190 € + 50 €<br>240 € | Polideportivo exterior |
| **PATINAXE**<br>E. Primaria<br>**AXIÑA** | MÉRCORES | 16:00 a 17:30 | TOTAL 154 €<br>1.º T: 58 €<br>2.º T: 48 €<br>3.º T: 48 € | 154 € + 50 €<br>204 € | Polideportivo exterior |
| **COCIÑA**<br>E. Infantil e E. Primaria<br>**AXIÑA** | VENRES | 16:00 a 17:15 | TOTAL 325 €<br>1º T: 115 €<br>2º T: 105 €<br>3º T: 105 € | 325 € + 50 €<br>375 € | Comedor |

**ANPA Lavandeira**

**ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**
**CURSO 2026-2027**

**www.anpalavandeira.es**
**e-mail: extraescolaresanpalavandeira@gmail.com**

| ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES – CURSO 2026/27 | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **ACTIVIDADE** | **Días** | **HORARIO** | **COSTE SEGURO INCLUIDO** | | **LUGAR** |
| | | | **SOCIOS** | **NON SOCIOS** | |
| **PINTURA(*****)**<br>E. Primaria<br>**GOSIA TREBACZ** | VENRES | 16:00 a 17:30 | TOTAL 235 €<br>1.º T: 85 €<br>2.º T: 75 €<br>3.º T: 75€ | 235 € + 50 €<br>285 € | Comedor |
| **BALLET**<br>E. Infantil e E. Primaria<br>**CAROLINA PALACIOS** | VENRES | 16:00 a 17:30 | TOTAL 145 €<br>1.º T: 55 €<br>2.º T: 45 €<br>3.º T: 45 € | 145 € + 50 €<br>195 € | Ximnasio |
| **ATLETISMO**<br>E. Infantil e E. Primaria<br>**AXIÑA** | LUNS | 16:00 A 17:00 | TOTAL 145 €<br>1.º T: 55 €<br>2.º T: 45 €<br>3.º T: 45 € | 145 € + 50 €<br>195 € | Polideportivo exterior |
| **XADREZ**<br>E. Primaria<br>**CLUB ESCOLA XADREZ CULLEREDO** | MÉRCORES | 16:00 a 17:30 | TOTAL 190 €<br>1.º T: 70 €<br>2.º T: 60 €<br>3.º T: 60 € | 190 € + 50 €<br>240 € | Comedor |

**(*) JUDO PRIMARIA:**
No caso de que os nenos/as queira asistir só mércores de 16.00 a 17.30 o prezo será:
Socios: 1º T: 67 €, 2º T: 57 €, 3º T: 57 € Curso completo: 181 €
Non socios: 181 e + 50 €: 231 €

**(**) ROBOLAB:** para as **inscricións antes do 30/06/2026: 96 €/trimestre** durante ou curso 26-27 sempre que se chegue a 10 inscricións mínimas durante todo o curso

**(***)PREDEPORTE**: No caso desta actividade poderá escollerse entre asistir dous días á semana, ou só un deles, calquera dos ofertados. O prezo indicado na táboa correspóndese coa asistencia os dous días.
Se só asístese un dos días, o prezo é o seguinte:

**1 día/semana**: Socios 1ºT: 49 €, 2ºT: 39 €, 3ºT: 39 €. Curso completo: 127 €.
Non socios: curso completo: 127 € + 50 € = 177 €

**(****) BALONMAN**: O Clube Balonman de Culleredo fará un desconto do case 50%(27€ trimestre) polos segundos e sucesivos irmáns que se anoten na actividade, polo que o custo para eles será de 33 € trimestre.

**(*****)PINTURA**: Ao comezo desta actividade o profesor indicará o material que debe traer cada alumno. O ANPA proporcionará así mesmo o resto do material necesario para a actividade.

**SERVIZO DE BIBLIOTECA**: Lémbrase que o alumnado de E. Primaria ten á súa disposición o servizo de biblioteca, de martes a xoves, de 16:00h a 18:00h, previa solicitude no centro.

ANPA Lavandeira
www.anpalavandeira.es
e-mail: extraescolaresanpalavandeira@gmail.com

**INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS:**

En cumprimento do disposto polo Regulamento Europeo de Protección de Datos (UE) 2016/679 e na normativa nacional na materia, comunicámoslle que os seus datos de carácter persoal serán incorporados nun ficheiro propiedade da **ANPA LAVANDEIRA** con enderezo na **Avenida de Rutis, s/n 15174 de Culleredo (A Coruña).**

A **ANPA LAVANDEIRA** garántelle a adopción das medidas de seguridade oportunas para garantir o tratamento confidencial dos devanditos datos. Poderá exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos seus datos persoais, nos termos e condicións previstos en LOPD mediante carta ou correo electrónico dirixido á xunta directiva da ANPA.

Así mesmo, comunicámoslle que os seus datos poderán ser cedidos á empresa que xestione o servizo de comedor e madrugadores, as empresas ou entidades organizadoras de actividades extraescolares, compañías aseguradoras, póliza de accidentes, a entidade bancaria contratada para domiciliacións bancarias, a xestoría administrativa que preste servizos de asesoramento á ANPA e á dirección do centro ou administracións públicas que o soliciten.
Só se comunicarán os datos necesarios para o cumprimento destas finalidades. No caso de que vostede non autorice esta comunicación deberá poñelo en coñecemento da ANPA LAVANDEIRA con dirección na Avenida de Rutis, s/n 15174 de Culleredo (A Coruña) ou no correo electrónico anpalavandeira@gmail.com.